

A Oficina de Medio Ambiente pon en marcha un programa de naturalización dos estanques de Vigo e Ourense



D. Besadío | Vigo

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade iniciou un programa de naturalización das lagoas e estanques dos campus de Vigo e Ourense. O obxectivo é mellorar o seus hábitats e reducir o impacto visual que supoñen.

En ambos campus existen varios estanques artificiais e lagoas seminaturalizadas. As lagoas e os seus arredores, aínda que son espazos seminaturalizados de orixe antropoxénica, constitúen algúns dos hábitats de maior valor ecolóxico dos campus. Pola contra, os estanques constitúen elementos totalmente artificiais, pouco integrados no entorno e de menor valor natural, debido principalmente aos materiais cos que foron construídos (formigón, pvc, etc) e á ausencia de vexetación natural propia dos hábitats acuáticos. Sen embargo, o feito de atoparse nas zonas máis urbanizadas dos campus, xunto coa presenza continua de auga durante todo o ano, confírelles aos estanques un elevado potencial ecolóxico, paisaxístico e educativo.

O programa de naturalización xurdiu da idea de aproveitar o potencial que teñen estes espazos, pois só a través da revexetación se pode conseguir convertelos nun lugar moito máis adaptado ao medio.

O principal obxectivo é integralos no entorno no que se atopan e reducir o impacto visual que supoñen, debido sobre todo aos materiais inadecuados cos que están construídos. Ademais, é primordial mellorar o hábitat e crear incluso refuxios para a fauna asociada a este tipo de medios acuáticos.

Calendario

As actuacións comezaron no campus de Vigo na Lagoa de Filoloxía e Tradución e no estanque situado o carón das pistas deportivas e, en breve, iniciaránse os traballos no estanque do campus Norte de Ourense.

Os traballos de revexetación puxéronse en marcha ao longo do mes de maio e, dende entón realízanse frecuentes revisións do estado da vexetación alí presente. “Debido tamén á seca que tivemos, na Lagoa de Filoloxía houbo que cambiar de localización os herbazais de carrizo, xa que estaban a piques de quedar sen auga”, sinalaba Comesaña.

O resto dos estanques iránse revexetando de maneira progresiva, sen o establecemento dun calendario fixo.

Proceso

No caso do estanque das pistas deportivas o que se fixo foi intentar naturalizar unha das marxes. Para isto empregáronse unha serie de rolos vexetados con plantas acuáticas, propias deste tipo de lugares. “A pronunciada inclinación da parede dos estanques, que ademais son de pvc ou formigón, non facilitou o labor. Tivemos que argallar diferentes mecanismos ata dar coa maneira axeitada de suxeitar os rolos á beira do estanque”, salientou Julian Comesaña, técnico da OMA.

Ademais, tamén se instalou unhas mantas flotantes vexetadas, que van ancoradas á illa central do estanque mediante un sistema que permite o seu movemento vertical cando se producen variacións no nivel das augas.

Para os traballos de naturalización empregáronse plantas acuáticas propias dos hábitats naturais de Galicia como o carrizo, unha especie moi común nas beiras dos ríos e lagoas e que se adapta con bastante facilidade; a espadana amarela e diferentes especies de xuncos.

A naturalización deste estanque non só mellorou a súa diversidade dende o punto de vista da flora, senón que desde que se fixo a revexetación mellorou considerablemente a calidade da auga, o que repercutiu tamén de xeito positivo na calidade de vida da fauna alí presente – macroinvertebrados, anfibios, aves, etc.-.

Recomendación

Dende a OMA salientase a importancia de que á hora de construír estanques artificiais o mellor é facelo de materiais como terra, pedra ou grava, xa que permiten implantar a vexetación de forma moito máis doada.